

## EVA E O SER ALADO

A nena levanta a cabeza do caderno onde a ten apoiada. Esfrega os ollos somnolenta, érguese da cadeira e sae á terraza. As nubes pasan diante da lúa case chea. Apóiase na varanda e olla cara abaixo: as rochas cortadas a pico baixan ata o mar. Vese unha cinta de espuma branca e óese o son das ondas ao bater contra o cantil. A nena pecha os ollos. Un vento forte axita os seus cabelos vermellos. Abre os ollos e sorrí. Un home novo con grandes ás despregadas está fronte a ela.

—Ola, anxo!

O ser alado prega as ás e sorrí á nena.

—Ola! Coidei que estarías durmida.

—Xa pensaba que non volverías.

—Que desconfiada! Non che dixen que viría?

—Si, pero non dixeches cando... De verdade es un anxo?

—Outra vez con esas! Non me gusta repetir as cousas.

Podes crer o que queiras, a min tanto me ten.

—Non te incomodes, é que coa sorpresa... Ademais fúcheste tan axiña que non me decatei ben... Se non che parece mal gustaríame preguntarche algunhas cousas...

—Que vociña de nena boa! Es curiosa coma todas as mulleres. Non sabes o que lle pasou a Eva por ser curiosa de máis? E á muller de Lot?

—A que se converteu en estatua de sal?

—A mesmiña, querida; por ollar o que non debía. O de Eva debería servirvos de escarmento ás mulleres, pero vese que sodes seres defectuosos e non aprendedes da experiencia... E ti fas honor ao teu nome, es tan curiosa como a primeira muller.

—En realidade non me chamo Eva. Quero dicir que me chaman Eva, pero o meu verdadeiro nome é Evarista, como a miña avoa materna.

—Vaia, que calado o tiñas. Non me estraña, con tal nome, soa a viúva ou a vella solteirona.

—Es un anxo moi raro, machista e groseiro. Penso que non es un anxo de verdade, dos bos.

A nena afástase un pouco e fai varias veces o sinal da cruz, primeiro persignándose e despois en dirección ao ser alado, como bendicíndoo. El olla para ela divertido, cruza os brazos e finalmente persígnase e bótalle á nena unha bendición. A rapariga sorrí.

—Se foses o diaño sairías correndo, non? O diaño non pode facer o sinal da cruz.

—Iso din... E logo, que era o que querías saber? E dáme un pouco desa Coca-Cola, teño sede, e tamén poderías invitarme a sentar. Veño voando dende a illa e aínda che é unha tiradiña.

A nena ofrécelle unha cadeira e a lata de refresco.

—Non teño vaso. Queres que vaia buscar outra?

—Deixa. Pareces unha nena sa e eu non son aprehensivo.

Eva óllao atentamente mentres bebe.

—Tes nome?

—Podes chamarme Anxo. Iso é o que pon non meu pasaporte: Anxo Carvajal Morales.

—Tes pasaporte!

—Ti non?

—Eu si, pero non cría que os anxos...

—Con cantos anxos tes falado ti? A cantos coñeces?

—Só a ti!

—Eu son un anxo que vive na terra e teño todo o que se necesita para vivir aquí, o meu traballo me custou; así que, cando penses en min, non penses nos anxos, pensa no anxo que coñeces.

Séntase levantando as ás e deixándoas caer por detrás do respaldo da cadeira. A nena olla para elas con admiración e sinálaas cun dedo.

—Déixasme tocalas?

O ser alado apoia un cóbado na mesa e o queixelo na man. Fai un xesto de resignación e estende unha á para deixala ao alcance das mans de Eva.

—Vale, pero non tires das plumas.

A nena agarima a á, de longas e abondosas plumas, con suavidade.

—Son preciosas, douradas e brancas, que bonitiñas, e que longas... e tes algunhas negras!, que bonitas tamén, teñen reflexos azuis.

El fai un xesto de fastío.

—Cada vez teño máis. Vou acabar parecendo un corvo.

—Por que che saen plumas negras?

O ser alado non contesta. Bebe da lata e olla para o mar.

—É polos pecados? Don Francisco di que a alma se volve negra polos pecados.

—Don Francisco será un cura, non?

—O cura do cole... Se te amola o que che pregunto, dimo, pero non cales. Moléstame moito a xente que fai como que non me oe.

—Es demasiado preguntona, non me sorprende que che dean a calada por resposta... Pero a min non me importa que me preguntes, es sincera e a min gústanme as persoas sinceras, non abundan.

Suspira e ergue os ombros.

—Non sei por que se volven negras. Supoño que será cousa da idade.

—Coa idade vólvense negras? Entón son canas ao revés, quero dicir ao revés das persoas.

—Si, algo así será.

—Aos maiores sáenlles canas. Mamá tinguéas, e a avoa Matilde tamén... A avoa Evarista, non. Ten o pelo branco, moi bonito. E a papá cáelle e preocúpase moito... En fin, supoño, agora véxoo moi pouco porque xa non vive con-nosco.

Cala de súpeto, colle a lata de Coca-Cola, bebe un grolifío e olla o ser alado con picardía.

—Agora vou coñecer os teus segredos.

—E eu os teus.

—Se es un anxo de verdade non che fai falta beber da mesma lata para coñecelos.

—Segues a desconfiar. Se non son un anxo, que cres que son?

—Déixasme ver de onde che saen as ás?

—Agora es ti a que non contesta... Que cres? Que as peguei con pegamento? Que son un trebello mecánico?... Moi ben, comprendo que esteas confusa, pero esta é a derra-

deira comprobación. Se desconfías, voume e busco outra persoa con quen falar; é moi desagradable que desconfíen dun. Pensei que sendo unha nena que pasa os días lendo poderíamos entendernos, pero xa vexo que non é fácil. En fin, mira todo o que queiras.

Ponse de pé e levanta as ás para que a nena poida mirar por debaixo delas.

—Podo tocarte?

O ser alado suspira con impaciencia.

—Toca, pero non me fagas cóxegas.

A nena estende a man e palpa con coidado o corpo. Afástase un pouco, parece confusa. O ser alado óllaa con xesto inquisitivo.

—Sáenche de dentro das costas, como aos polos.

—Como aos polos! Vaia símil! Podías dicir «como ás aguías».

Eva fai un xesto de desculpa.

—É que eu nunca nunca vin unha aguia de preto.

—Pero terás visto pombas, gaivotas ou pardais, non? Como aos polos! Na miña vida me dixeron cousa igual.

Levanta e axita as súas grandes ás. Non parece ter intención de botarse a voar senón de amosalas en toda a súa extensión. Eva xunta as mans coma se rezase.

—Non te incomodes, anxo. Quixen dicir que son parte do teu corpo.

—Pois claro, de onde ían saír? E non poñas así as mans, que parecemos un cadro da Anunciación.

—Perdóame, pero tes que comprender que todo isto é moi raro. Es o primeiro anxo que coñezo, non sei como trátate, e ademais tes moi mal xenio, alporízaste axiña.

O ser alado senta de novo, acomodando as ás.

—Comprendo que a miña presenza te sorprenda e che provoque dúbidas. Verás, se imos ser amigos, tes que crer na miña palabra, porque as ás son ás e son parte do meu corpo, pero iso non garante que eu sexa un anxo. Podería ser un monstro, unha anomalía da natureza e ter fuxido dun circo, non te decatás? E tamén podes pensar que son un anxo malo, un servidor do Mal.

Cala de súpeto e leva un dedo aos beizos.

—Alguén está subindo as escaleiras. Voume... deberías ter pechada esa porta.

Sae á terraza mentres Eva garda o caderno que está enriba da mesa e saca un libro da mochila que ten aos seus pés. Séntase, aínda co libro na man, e olla para a porta. O pica-  
porte xira silenciosamente.